

OBRADOIRO DE COIDADOS PARA BONSAI

O vindeiro domingo **8 de marzo** de 11.00 a 13.30 h. terá lugar no Xardín Botánico “Ría do Burgo” a primeira das sesións do “OBRADOIRO DE COIDADOS PARA BONSAI” que organizan a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo e a Asociación Cultural Bonsai Coruña, que ten a súa sede precisamente no Xardín Botánico; a segunda sesión será o domingo 22 de marzo.

Poderán asistir vinte persoas por orde de solicitude que desexen iniciarse no coñecemento práctico do mundo do Bonsai (coidados básicos, trasplantes, rego, variedades, etc.)

A Concellería de Cultura e Bonsai Coruña levan catro anos organizando estes curso básicos de achegamento ó mundo do bonsai, así como varias actividades expositivas e divulgativas en Culleredo, onde teñen moi boa aceptación pola poboación.

Para inscribirse no curso, que ten carácter gratuíto, poden facelo no Edificio de Servizos Múltiples de O Burgo – Tlfno. 981 665 597, por fax no nº 981 661 748 ou por correo electrónico no e-mail: cultura@culleredo.org.

Culleredo, 25 de febreiro de 2009.
O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Dominguez.